

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN
Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 América id... 2
PAGO ADIANTADO

NUMERO 108
A CRUÑA 15 DE NADAL DE 1919

Redacción e Administración:
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

As traxedias do caciquismo

OUTRA MAIS.... E, HASTRA CANDO?

Fai dous días recibimos esta carta que nos deixou barados d-horror e de carraxe. Outra vez o caciquismo asesino, omnipotente, impune e maldito de Sofán, de Nebra, de Sedes... Outra vez, quizais, os asesinos libres e oupados á confianza máxima dos seus xefes... Outra o pobo manso, sin facer xusticia, lamberá novamente as mans asesinas... Hastra cando?

Señor Director de A NOSA TERRA
A Cruña.

Meu quirido amigo: teño que roubarlle un pouco de tempo pra contarlle un feito que antonte pasou no Auntamento de Touro, e que lle rogo vexa a maneira de que se faga público, pois aí ben é certo que xa se mandou a noticia a algún boletín d-esa, como todos son amparadores dos caciques, teño medo non-o atopen moi do seu xeito.

O feito é o seguinte:

Na tarde do día des d-este mes de Nadal, ó ir pra asistir a un xuício, coma adxunto, un home enemigo dos caciques do Auntamento de Touro, saleulle á carretera o lugarteniente do cacique máximo d'aquel Concello (e coñecido pol-o «Porco Teixeira»); e sin que mediase a mais pequena palabra entre o citado adxunto, chamado don José Llareo, persoa de reconocidas virtudes e moi estimado por todol-os veciños, e o escribiente do «Teixo», Jesús Rodríguez Quintás, saleulle como alma que leva o demo, d-unha taberna e-unha browning na man, e a boca de xarro ceiboulle catro tiros: d-eles «soilo» apañou dous na cabeza que o fixeron enfuciñar no chan, onde dempois o malleu a paus, couces e a golpes coa arma que lle quedara valeira.

Pro o mais bonito aínda, é que deixaron soilo ó ferido, e a non sere por un veciño d-Arzúa, que axudoulle a ir prá casa do médeco, houbera morto alí.

Xa na cas do médeco, e cando lle estaban faguendo a primeira cura, chegouse o asesino para enterarse de como se atopaba, pois dábaos xa por morto, e dempois da parola que tiveron o criminal e mail-o médeco, iste díxolle ó ferido que tiña que ire pra o Hospital de Santiago, porque él non-o seguía curando; tendo, por tal motivo que mandar un propio a ésta a buscalo médeco señor Dopazo pra que o curase, porque hay outros que tamén son da raza caciquil.

Pra que vexa a donde chegan estes condenados de caciques, aquela mesma noite o asesino andivo vinte kilómetros da vila; mais en Arca, o xues municipal d-aquel Concello, que viaxaba no mesmo auto e conoía o feito, chamou a Guardia civil pra que o prendese; a Guardia civil levouno pra sua aldea onde pareceu un xuez dicindo que era inocente, e puñéron-o en libertad.

Mais o xuez d-instrucción non pensa asina, e mandou inmediatamente detel-o, mentedoo na charpela, porque é un xuez que conoce moi ben a casta dos caciques e non se anda con chiquitas. Algo bon habiamos de ter por estas terras.

De vostede sempre devoto e amigo,
A. B.

Arzúa, 13 de Nadal do ano 19.

PROBLEMAS GALEGOS

A EMIGRACIÓN

Ténsese falado moitas veces nas liñas d'A NOSA TERRA do problema da emigración. D'ela faláron e falan todol-os xornaes; dende fai vinte anos moito mais, por ser o contixente d'eispatriación moito maor. Cada un opina do seu xeito. Non faltan quenegas aban a emigración e quenegas, a maoria, a combaten.

Fai anos que un diputado galego —do seu xeito—, escribiu un libro sôbor d'emigración, espôndoa como un ben, porque—dicia—a emigración ingresa en Galicia anualmente moitos miles de pesos, ademais de que os emigrados voltaban á sua terra mais instruidos e con mais cartos. E quería demostrar con cifras, cuia esautitude sería tan segura com'a parvada que representaban, que en Galicia entraban mais dos que saían porque socedeu eisi n'un determinado quinquenio.

Outros teñen espôsto a ideia do boa que podía sere a emigración cuidando de que ésta non fora d'analfabetos e

xentes sin preparación como socede na maoria d'os que abandonan a sua terra atualmente.

Eu estou con A NOSA TERRA. Si ademitimos a emigración com'unha necesidade, a emigración é o de facer que ista non sexa unha necesidá, y-elo non se conquire con verbas patrióticas aos emigrantes, porque o ser emigrante —posto que actualmente temos que admitir a emigración com'unha necesidá—, non é ser antipatriota. Pol-o contrario o emigrante, que busca en lonxanas terras un pago mais leal do seu traballo, busca, por consiguiente, o seu milloramento económico e pol-o tanto o da sua pátria.

Non lles digades aos emigrantes que non se marchen da sua terra, porque no fan por desleigamento. Trallemos por destruír os factores causantes d'este mal y-entón fica resolto iste problema si có'elo se conquire o fin proposto.

Berremos, pois, contra d'ises factores de ruina. D'un non é mester falar. Non é noxento andar nomeando de cote as verbás «cacique» y «esquecemento do poder central»? Digamos entón, o mais importante, o meu entender, e do que menos, ou nada, se teñen ocupado os xornaes. ¿Porqué a emigración é menos importante en Cataluña e Vascongadas qu'en Asturias en Galicia? A resposta dánola o sentido común sin esforzalo. E limitándonos a Galicia porque de ela é mais importante o problema por ser maor tamén a cifra d'emigrantes, podemos dicir: ¿E Galicia a rexión mais pobre d'España? Non é. ¿Posee Galicia o seu capital todo en maus de poderosos y-o resto d'os habitantes son todos probes? Tampouco. Non hay, así o entendemos, rexión d'España donde a propiedade estea tan dividida, e coasi poderíamos dicir da nosa terra o dito noruego: «¡aquí casi non se coñece a máxima pobreza!».

Porque falamos d'os labregos, porque eles son os que compoñen a maoría de Galicia e tamén os que dan maor contixente emigratorio.

¿Porqué, pois, Galicia é a rexión d'España donde saen mais emigrantes? O asunto é un pouco difficile; pero daremos a nosa opinión n'unhas verbas curtas: Sóbora do labrego de Galicia pesan mil cargas que non-o deixan rexurdir ¿pra qué espricalas? O problema consiste d'aquela en evitar esas cargas e botarllas a quen, realmente, debía de tel-as. Mais inda feito isto non fíaríase resolto iste problema. Demois habería outro que o é hoxe tamén abundantemente. Habería que eisixir do Goberno qu'impuxese un tributo forte aos capitalistas que non tivesen os seus tesouros en moyimento. Os capitalistas galegos non saben pôr o seu capital mais que en sitios donde non produce o que debiera producir tratando sempre d'evitar o traballo. O capitalista en Galicia en canto ten pra vivir deixa de traballar.

Isto é o que nos cría isa casta de «sifloritos» que temos en España de que nes dicía un escritor que en compañía do caciquismo son os dous males que ten a nosa patrea.

O conquistar, pois, que o capitalista galego deixase de ser tan retraído daría un gran progreso económico y-espiritual á nosa terra y-evitaría, pol-o tanto, boa parte da emigración dadas as condicións naturais de que está dotada a nosa pátreas especialmente pra Agricultura e industria derivadas, o que pode ser y-é a base d'un futuro benestar do xeito holandés e belga.

¡Pero pra isto....!

O ABADE AIV.

¡ORFO!

Nos veirales d'o camiño
ou das augas pracentiras
escorregan d'o móiño
pra ir a regar as eiras,
chorando está Benitiño.
—¿Porqué choras meu filliño?
—dille un vello con agrado—
—¿Tes fame? ¿queres panciño?
y-o rapáz di moi coitado:
—¿E que morreu meu paiciño!

Moi logo henchidas de calmas
aló n'o ceo s'unian
ántre flores, ántre palmas,
cal n'iste mundo vivían,
pai é fillo: as duas y-almas.

HERMINIA FARINA.

Pontevedra.

OS MEUS ENEMIGOS

(Paráfrasis do Salmo III de David)

¿Ou Xehová, cántos son
os que contra min se ergueron:
¿Cántos son os que viñeron
á magoarme o corazón!
Cántos enemigos teño!
¿Cántos veñen aldraxarme
e cántos máis en roubarme
a salú poñen empeño!
Se uns, por cobardes ou pillos,

bótanme fora da casa,
outros pón cativa tasa
ô pan que gaño pr'os fillos.

Mais Tí, Xehová qu'eres grande,
serál-o meu forte escudo:
que me gardarás non dudo,
mentras pol-o mundo eu ande.
Co-a miña voz ¿Ou Xehová!
á Tí, dorido, cramei,
y-a tua voz escoitei
no Monte da Santidá.

Deume a tua voz esperanza
pra loitar c-os enemigos.
Eles, pois, serán testigos
do qu'o teu poder alcanza.

Anqu'eles sexan sin fin,
xa medo me non darán,
porque sei qu'a tua man
aloxaraos de min.

Como servo a quen seu dono
deu libertá, dormirei
sin coidados porque sei
que Tí gárdal-o meu sonó.

Erguete, pois ¿ou Xehová!
yós que contra min viñeron
fíreos onde me fixeron
a frida que aberta está.

Con tod'o meu corazón
iste Salmo ch'escribin.
¿Qué caya enriba de min
e d'os meus tua bendición!

Suscribase V. A NOSA TERRA

Cántiga humilde

Brisa d'abril
toda perfume,
etéreo nume
contigo vai!

Pedriña humilde
n'o chan perdida,
d'o sol ferida
és unha estrela.

Negra ramaxe
o ceo tocando,
vaise pintando
d'azul celeste.

Gota d'orballo
tremelucindo,
tel-o sol rindo
dentro de ti!

Humildes cousas
que ninguén olla:
ramiño ou folla
ou gran d'areya.

Tédel-o encanto,
máis que diviño,
que o Dios-Meniño
achou n'a terra...

ANTONIO NORIEGA VARELA.

Liñas de loito

Outra vez a Segadora de vidas causou baixas nas nosas filas. Somentemente por esta vez non se conformou con unha. No termo de poucas datas, levounos á dous queridos irmáns: Antón Ferro, e Xurxo Parga.

Antón Ferro morréu na illa de Cuba. O triste acontecemento chegounos pol-o cabre. Espiritu forte e home traballador marchara o derradeiro ano á aquelas terras chamado pol-os negocios qu'aló tiña estabrecidos. E cando a sorte lle surría, cando na prena suventude contaba con un desafogado meio de vivire conquerido pol-a sua intelixencia e o seu amore ao traballo, vel-ahí que a rapiñeira morte tronchou a sua vida de loitador, deixándonos a nós sin un bó irmán e á Galicia sin un xeneroso fillo. Acongue en paz.

Xurxo Parga, un dos fundadores da «Irmandade», foi vítima da peste reinante. A gripe ruín e catralva arrebatounos á este irmán que tanto loitou pol-a santa causa galega.

El foi un dos apóstoles que deron comenzo á cruzada das «Irmandades». Aquela fermosa cruzada acollida con risas e bulras pol-os que pouco máis tarde vían a sua actuación con medo e respecto.

Endexamáis regateou sacrificios en ben da terra dos seus degoros e das suas fiducias. El foi sin dúbida algunha dos pertencentes ao grupo de irmáns desintresados e altruistas, aínda que pol-a sua eisaxerada modestia, morou á cotío no montón dos loitadores anónimos.

Paz, pois, ao loitador; e que nos labres de todos treme amorosa unha oración enxebre para o irmán caído!

E non remataremos estas liñas de loito, sin antes darlle o noso máis sentido pésame ao tamén querido irmán Eladio Rodríguez González, pol-o sensíble falecemento da sua nai a virtuosa señora doña Agustina González e González, a quen Deus recolla no seu seo.

E a él, ai irmán, deseásmolle a cánação soficiente para sufrir tan duros trances da vida.

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao administrador pra facer a recramación no correio.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

PARADOXO

A curiosidade humana e pracer de imitar, son ao noso ver, a esencia do arte dramático.

Representar, é como sabemos, imitar a vida. Como o hábito de imitar é algo que fai parte integrante de todo individuo, a todos nos gusta representar e todos representamos.

Asistir a unha representación teatral, é ser espetador d'un anaco de vida levado a escena. Como a curiosidade é condición esencial de todo ser humano, a todos nos gusta ser espetadores e todos somos espetadores.

Podemos afirmar, sin receio, que todos somos actores i espetadores.

Inda que todos digamos que non andamos no mundo por ver andar aos outros, non podemos negar que a maior parte dos nosos hábitos son resultados da imitación; son unha representación

do que vemos. O mais raro, o mais original, non escapa á tentación de imitar algo do que ve.

Inda que nos digamos despreocupados, que nada queremos saber da vida allea, non resistimos á imperiosa necesidade de curiosear o que os nosos ollos ven, o que os nosos ouvidos ouven, o que as nosas maus palpan.

Esto que é verdade, que é realmente verdade na vida, é mentira no teatro, onde todo é mentira.

Inda que na realidade todos somos actores e espetadores non-o podemos ser no teatro.

O arte dramático chama ás suas filas moitísima xente. Todos sentíndose actores na vida real, supoñen ter cualidades para seren actores no teatro.

Representar é falar, andar, xesticular; todos ben ou mal, falan, andan, xesticular, el todos por iso supoñen que poden ser actores.

Fixémonos no grande número de xente que cultiva o arte dramático. Poucos

Os poetas de Portugal

Versos inéditos enviados expresamente pra
A NOSA TERRA

As saudades das minhas trovas...

I

Por vossas graças, Senhora,
já tomei encantamento;
e as graças do meu tormento
nao as visse, melhor fora...

Toda a mágoa que se adora
é que tem graça a contento,
e as graças deste tormento
sao vossas graças, Senhora!

Encheu-me de bruxarias
vosso olhar que se apavora
das minhas melancolías;

Dizei-me porque surpresa
—já que m'a deste, Senhora—
te apavora esta tristeza?

II

E as minhas trovas, Senhora,
já nao vos sabem cantar,
foi-se-lhe a graça na hora
em que perdi vosso olhar.

As minhas portas, agora,
o sol tornou-se em luar,
como os cabelos, Senhora,
que embraquecem a lembrar...

E meu trovar que sabía
tantas lendas preciosas
que vosso olhar lhe dizia,
coitado, tudo esqueceu...
Meu trovar é como as rosas
foi-se o sol... e morreu!

NOVAIS TEIXEIRA.

seres existen que nos digan que nunca entraron n'unha función teatral. Todos fixeron innúmeros papés todos os interpretaron moi ben e todos derradeiramente, podían si quixeran ser primeiros actores.

Os faltos de memoria son os únicos que atopan algunha dificultade no arte de representar, pero aínda así moitos d'estos din que teñen bon ouvido para escoitar o apuntador ou teñen a serenidade precisa para inventar palabras suas cando se lles esquece as verdadeiras do papel.

E así por toda-las razóns que deixamos apuntadas vemos os desoladores espetáculos que nos proporcionan casi todo-l-os aficionados dramáticos que existen, que por saber falar e andar, ceiban a sua furiosidade teatral exhibíndose ante o público a quen din qu'están representando obras teatrais.

Fai dano na verdade, asistir a estes espetáculos, onde a estética teatral é abolida por complot, onde apenas vemos, furiosos inconscientes, figuras de comparsas carnavalescas, caras lixadas por pinturas, barbas mal pegadas, pelucas por afinar, voces que declaman sin ton, verbas que meteron á forza de martelo na memoria e un rosario interminable de porcadas que o tan soio acorda-l-as fai noxo.

Representar, señores «furiosos dramáticos» non é o que vosoutros faecedes. O arte dramático é algo sagrado e vosoutros inconscientes, o profanades.

¡Probe arte dramático!

¿E o público? ¿Os espetadores? Hai que tapar a cabeza, os ollos, o cerebro. Abafar a imaxinación c-un pano moi espeso, moi mouro, para que non vexa, para que non pense, para que non imaxine o que é o público, o que son os espetadores.

A curiosidade levada ao extremo de vicio mezuño corrumpel-o gusto do público.

O público é un imbecil de baixos instintos que vai ao teatro para dixerir a comida. E'un mal educado que profana o tempo do arte co-as suas patas d'animal cando ruidosamente entra no medio da función. E'un egoista, avarento, comodista que non vai ao teatro sinón para darse ton de culto, por compromiso ou por pasar o tempo. O que menos lle importa é a obra que ve. Rí con chistes fáciles e pesados e cando se comove, o fai hipócritamente aínda que inconscientemente, a causa da hipocrésia que cristalizou no seu organismo e que se manifesta intuitivamente en determinados casos, pasen estes na vida real ou no teatro.

O público é un groseiro, sin corpo, sin cerebro.

Tristeza nos fai recordar unha fun-

ción á que asistimos como espetador. Representábase unha obra moderna d'autor consagrado. Unha boa compañía representou-na moi corretamente, e a obra, que era interesantísima, necesitaba moita atención para ser comprendida. Pois ben, o público non tendo cerebro para comprender o que vía, ría a bon rir de cousas sin importancia con o único e avaricioso fin de non sair do teatro sin se haber divertido ao seu modo.

¿Para qué pensar?

Ser 'espetador, respeitabre público, non é soio ir ao teatro. O arte dramático é algo sagrado que vosoutros, espetadores sin cerebro, o profanades co-a vosa risa estúpida, co-a vosa despreocupación, como os «furiosos dramáticos» o profanan co-as suas comparsas de carnaval.

¡Probe arte dramático!

¡Todos somos actores e espetadores!
¡Nin todos podemos ser actores i espetadores!

FERNANDO OSORIO.

De Portugal

1.º de Decembro

Ha 279 anos que un punhado de portugueses da mais rija tèmpera n'un assomo de leões enfurecidos, quebrou a gribeta infamante da dominación castelhana, que nos oprimiu e aviltou durante sessenta longos anos, no lapso dos quaes Portugal sofreu a mais deprimente série de ignominias e constantes vexames, já do estrangeiro opressor, já de fillos renegados, que, para bajularem os intrusos, não se pejavam de atraíloar a ua patria, justificando a afirmação do noso sublime Poeta:

...que tambien dos Portugueses

Alguns traidores houve algumas vezes.

Os verdadeiros patriotas arrepelevam-se de vergonha ante as inqualificaveis opressões de que eram vitimas com os continuos e pesadissimos tributos, obrigados a pagar sem proveito para o país e com a dolorosa prespectiva de serem tes temunhas passivas da péda do noso patrimonio colonial, votado ao abandono pelo governo de Castela. Ingleses e holandeses, aproveitando-se do belo ensejo para eles, iam-se apossando dos nossos dominios de Além-mar, orgulho da mais potente e indomável, raça de navegadores, como o foram Vasca da Gama, Alvares Cabral, Bartolomeu Dias e tantos outros, cujos nomes, gravados a letras de ouro, fúlgem nas páginas da Historia, como estrélas auri-lucentes a iluminarem o orbe e causando a admiração universal pelos seus arrojados descubrimentos.

O sacrosanto pendão das quinas, que tremulava nos cinco continentes, sempre coberto de gloria, estava sendo vilmente infamado.

E, para maior oprobio, eram os portugueses compelidos a combaterem nas guerras em que a nação dominadora andava envolvida.

Triste e desoladora condição de escravos! E a quem se deveu essa mancha vergonhosa do noso passado de heroísmos?

A um imbecil e fanático, o cardeal-inquisidor D. Henrique, de negregada memória, e á nobreza, vendida ao rei castelhano.

As còrtes de Almeirim nada mais fizeram que ratificar a escolha de Filipe II, de antemão garantida, havendo, porém, o voto contrario do grande Febo Moniz, o insigne português, que, num arranco de acendrado patriotismo, combateu enérgicamente a escolha do estrangeiro. Nunca lhe perdoaram a ousadia, e o esténuo defensor da nossa independencia foi morrer inglóriamente num cárcere infécto!

De 1580 até 1637 esteve Portugal moribundo. Neste ano sublevou-se Evora contra a tirania odiosa, e, embora sufocada a sublevação ela foi o rastilho que fêz rebentar a gloriosa marcha revolucionaria do día 1.º de Dezembro de 1640, día em que, para sempre, foi sacudido o jugo de Castela, que nos afixiava.

Nsso día memoravel, acordaram os portugueses da sua letargia e mais uma raça, cujo passado de glorias é a suficiente garantía da sua bravura e heroicidade!

João Pinto Ribeiro, Antão e Miguel Vaz d'Almada, António de Noronha Saucedes de Baena e tantos outros o provaram homéricamente, mostrando o quanto vale um povo sempre cioso da Liberdade e amor pátrio, nobres sentimentos vibrando também em peitos feminis, inditando-os ao maior dos sacrificios ante o divino altar da Patria! Atestam-nos os nomes imorredouros de D. Filipa de Vilhena e D. Mariana de Leucastre amando os próprios fillos e irmão para a sublime jornada!

Aclamado o pusilánime D. João IV, que ó a salvadora ambição da esposa D. Luisa de Gusmão, o encorajara a ceitar a corôa, começou o ciclo da dinastia de Bragança, que, exceptuando o bom monarca D. Pedro V, só nos deu reis cobardes, uns, perdulários, outros, e ineptos todos, até á abolição da realza em 1910.

Bela inspiração teve o primeiro governo da nossa República decretando o día 1.º de Dezembro como o da consagração a Bandeira, porque nenhuma outra data faz vibrar em unisono to-

4
do deciros que o pouco que vale, de-
pintar: mais sinto o noso paisaxe e po-
En non sei pintar, nin quero saber
en cada outono.

cada primavera, unha morte saudosa
sanguine unha renovación da vida en
os latexos da terra natal, sentir na
xo, somente fai falla escoitar á coti-
boas condicéis pra pintura e o dibu-
traballo. Son indubidables as nosas
idades en poucos, moi poucos, anos de
Estes sonos meus poden faguerse tea-

Londres, New York...
que fariamos mellor feira en Paris,
drid pode ser a feira, anque en coído
E Madrid?, diredes. Pois... Ma-

vivan eiqui todo ano.
za d'o inverno en Galicia e dispois que
Nadal. Agardemos á que atopen a bele-
pensan en vir eiqui nas vacacións da
a pintura. Oxe os nosos pintores xa
bo camiño, ó menos, n'o que se reñre

Paréceme á min que imos xa polo
paisaxe é un estado d'o ánimo».
pois coma dixo Federico Amiel «todo
mento d'o paisaxe, pra seren artistas,
que os galegos teñan n'o peito o senti-
coñezan Galicia pra pintura. Comple
com amapolas. Comple que os pintores
sen fitar as follas das viñas, roxas
gozar d'a vendimia e das estolladas,
xos: comple que non fuxan d'eiqui sen
nantes que se murchen as flores d'os to-
do enterre as florinas das leiras, de-

de Francis James, denantes que o ara-

— 25 —

— 28 —
pintar as cousas que nin se ollan nin
son. «Pois isa cousa rara—din-os Jean
d'Udine—ise «non sei que falta» neces-
rio pra xurdir o xenio creador é, na-
da mais, qu'a aptitude de producir
en fórmulas inéditas emocións de or-
den sentimental ou sensacións de un
campo sensorial alleo ó campo en que
nos espresamos; pois toda inspiración
é un fenómeno de transposición e que
ten por base fisiolóxica a sinestesia».

Ollemos o paisaxe e sintamos a sua
vida.

Xa sabemos que o paisaxe non tén
de certo realidade ouxetiva. As ma-
ñans que rin, as tardes que choran, o
día que morre, a luz qu'esmorece, non
son mais qu'estados d'a i-alma.

Maxinémonos diante d'un paisaxe.
E n'o intre en que a terra, pra se dur-
mire, vaille virando as costas á luz, e
o fume d'as tellas, mesto é leitoso, vai-
se espaxando n'o fondo d'o val. Non
é cousa d'o outro mundo pintar o que
ven os ollos qu'han seren comestos d'os
vermes; pero n'o paisaxe hay mais
cousas que fitar. Pois n'aquel muiño
cantareiro dous namorados dánse o
primeiro bico e n'aquel pazo d'o casti-
ñeiro seco oubean os cans.

Outro máis. E noite de luar: n'a
beira d'unha encrucellada de lenda,
un cruceiro tén arrentes de si, a mesa
de pedra onde pousan os mortos pra
botarlle o responso; por antre os piñei-

dentro d'a concepción estética d'o Es-
aspecto mais xeométrico, mais estético
coloridos, dándolle ó chan hespañol un
pois n'o mapa as provincias e os seus
triángulos...! Haberta que ollar dis-
angustos mais regulares: cadrados,
fina d'a administración e goberno, en
deberon dividir o chan hespañol, pra
querendo fitar as rexións naturais,
Estado non-as queira recoñecer. Non
pois son verdades evidentes anque o
mes de creto n'o terreo d'o pensamento,
zos d'esta proposición con verbas de ho-
ta é bo patriota. Non quero inzar a ra-
mesma maneira que todo bo rexionalis-
Todo hespañol é un rexionalista, d'a

único a Europa civilizada.
que fan de nos un Estado pintureiro,
para abondalle co as cortidas de touros,
e o fomento y'esguniado pobo d'a Hes-
sas d'o Arte? O Arte non tén fronteiras
porta os homes d'o noso Estado as con-
d'o noso paisaxe. Mais...! que lles im-
er fatalmente pol-a forza evocadora
escola de Arte gallego que tería de nas-
dade nacional, non deixix medrar unha
lismo que, atafegando a nosa personali-
eiqui maldecindo ó malhadado centra-
a miña carraxe de bo galego estupe-
E agora comple que a miña xenteira,

saxe mais fermoso d'a Hespaña e un-
dos mellores d'o mundo.

— 32 —

— 26 —
ros amóstrase a ría maina; a luna es-
ta pendurada d'a poula d'un piñeiro.
O pintor ten qu'evocar algo máis que
unha visión, pois n'a mesa de pedra
d'o cruceiro aquela mesma tardiña
pousaron o corpo morto d'un rapáz
qu'veu d'o servicio; un estudante de
crego vai pensando por aquela congos-
tra n'a moza d'o pano roxo que lle rou-
bou a vocación. E ó lonxe escóitase un
alalá.

Outro máis ainda. E unha mañanci-
ña. Os montes de lonxe teñen azules
de Patinir; as xestas e os toxos poñen
as suas motiñas amarelas n'a diviña si-
cromía verde d'o paisaxe. Moitas cou-
sas máis ten o paisaxe, que poden seren
evocadas pol-o artista que sexa máis
que un virtuoso d'o aceite de liñaza,
pois n'unha poula d'aquela maceira o
melro de Gurra Xunqueiro «lucido e
xovial» ainda, agarda pol-o abade d'
aldea pra darlle os «bons días»; choveu
ante: as campanas d'a irexa depenicán
unha muiñeira, e pol-os carreiriños
d'as veigas d'acólá embaixo, as formi-
guñas negras e roxas veñen á misa.

Lembrome d'unha obra de Llorens, a
mais galega de todas as qu'eu coñezo.
O arquitecto Palacios e máis eu está-
lamos ala n'a Corte diante d'o lenzo,
cabalinos, ollando un meigo val d'a
Cruña afundido n'o orballo, e tal for-
za evocadora tiña o paisaxe pintado

colleira por unha orlla á quen dicesse que Galicia non pode pintarse e leva-ríao diante d'o cadro «As tentacións de San Antón», de Patinir, pra que de-prendese coma pode pintarse un paisa-je verde e sen sol. E aínda sobor de si Galicia ten ou non cor ha moito que falar. Lembrome de que vindo n'o tren hai algúns outonos, deantes de chegar á Ourense, ollei un monte todo cheo de viña alumeado polo sol ama-riello d'a tardía e o monte semellaba cuberto c' un manto cardealicio, de tal cor que mesmo parecía un fondo de conto oriental. Non falemos xa d'as no-sas gaxas romaxes aldeans, onde os co-tes arremoníanse de tal xeito nosas romaxes poden atopar asunto as Galicia ten cor se queremos buscalo. Unha ducia de literatos declararon fe-licia o paisaxe galego, non sei se que-rendo gabar a súa fermosura ou criti-car a súa falta de forza. Se quixeron loubar a súa fermosura e lle chamaron a femia ben se olla que non visitaron a costa d'a morte ou as beiras d'o Sil e d'o Miño, pois entón dirían quen Ga-licia hay o paisaxe femia eo paisaxe macho. A min tème sen coitado iso d'o do senso d'o paisaxe; pero n'o fondo d'a cuestión presintese o desexo de se-guir mantendo a fición d'a grandeza castelán. Non e non; o paisaxe galego, macho, femia, ou ermatrodita, e o pai-

que, de súpeto, a morriña de nós os-dous estalou cantando ó mesmo tempo e n'o mesmo ton aquel alalá:

Como chove meudiño
Como meudiño chove...

Iste é, al menos de «sinestesia» que co-mencen en nós aquel desexo de cantar un alalá longo gris e saudoso, dem-strando o Arte da obra.

Pol-o que dí Guyán: «atopamos-bela a Natureza é maxinámola viva, e, n'o doado representármola baixo un-ha forma humán. Pódese dicir, inzando aquelas verbas de Terencio: «non m'inspira intrés máis que o humán»: se pra embelecer o Universo non hou-bera máis que o peso, o número e a medida, ficáramos indiferentes diante d'él e n'outro libro tamén nos dí: «E preciso «animar» a Natureza, d'outra maneira non-os di nada. Os nosos ollos teñen unha luz súa e non ven senón o que alumean c'o seu resprandor».

Pra pintar Galicia ten que sentirse, non d'outra maneira se comprende qu'algúns pintores de sona, chegados de fora, declarasen inpintables os paisa-xes galegos. Son inpintables pra eles; mais non pra nós. Son inpintables pra quén non comprende máis que o roxo, o azul e o amarelo; mais son pintables pra quén está afeito á distinguir mil matices difrentes d'o verde, d'ou-cuasi amarelo até o cuasi azul. Eu

collo á estar detido n'os pináes, del-xando qu'a Natureza entrases dentro d' un pintor; mais se deprendese n' unha escola de Madrid o «Arte de pintar» ou mellor dito «o oficio de pintor» teño-pra min que nunca faría nada bó. E-debo contesarllos, c'o corazón n'a man, que eu retuxei n'a caricatura, por-que este Arte é o máis suxeivo de todos, e o máis novo, e o qu'anda non pode ensinársese. En min perdense un pintor, e non o sinxe! abote! pois gozo moito máis tendo dentro de min as obras que non hai faguer d'o que go-zaría faguedo obras que non levase. Moi custoso, por non dicir imposible, sería coleccionar a liña onde a habilidade desta o' Arte e por iso moitos abran-guaron o nome de artistas sin sel-o ver-daderamente. Non fai falla estruturar o miolo pra lembramos d'algúns virtuo-sos que conquistaron sona de ilustres ar-tistas non sendo máis que bós falsifi-cadores de obras de Arte, ou imitadores d'a natureza ouxetiva. As verbas «esta-ben pintado» é a gabanza máis fría qu' se lle pode adicar á unha obra de Arte. Sendo a pintura un xeito d'espri-to leva n'e peito o abato acceso d'o Arte. Se o Arte non fose máis que a copia

d'a natureza ouxetiva e á min me de-sen á escoller antre un lenzo imitando unha sandía e unha sandía verdadeira, eu collía a sandía, a non sere que ven-déndolle o lenzo á calquera rico pude-se mercar moitas sandías, pois d'a que-la colleira o lenzo.

Un bó pintor que non leve nada no-peito é coma eses mestres que sabendo moita gramática e moita refórica n'ap-ca souperon engader un só anaquión ó caudal d'a literatura. Pra min, a pintura que non pasa d'os ollos, calque-ra Arte que non me fure os sentidos pra sentir n'o miolo a indución psico-lóxica, non é Arte.

Xa o dixo Guyán: «Arte é tod-o que fai bater o corazón humán». N'o espí-rito d'as obras é onde está o Arte d'e-las. Repousar os ollos na forma, n'a codia, sen chegar ó miolo, non é de bós catadores de obras de Arte.

O pintor que ó mesmo tempo sexa artista non pode de ningunha maneira faguer obras de Arte se non chega ó miolo d'as cousas. Falando d'os pin-tores non abonda que sepan ollar as cousas, é preciso que as sintan, que as queiran ou que as odien; pero que te-ñan d'as cousas escollidas por eles o co-necimento enteiro d'a súa vida, d'a súa i-alma. Non abonda tampouco que se pinten as cousas tal coma son, e non tal coma se ollan, según queren novas escolas de pintura. O que comple é

dos os lusos corajosos como esta, se bem que não seja menos gloriosa a de 5 d' Outubro; mas, se esta representa a glorificação d'un novo Regimen, radicado na alma nacional, aquela simboliza a restauração d'uma Patria, despois de doce lustres de escravidão!

(Do Ribatejano, semanario de Vila Franca de Xira).

TEATRO GALLEGO

As veladas na "Irmandade,"

O derradeiro domingo, 7, fíxose nos salóns da «Irmandade» d a Cruña, a segunda das veladas d'esta temporada. Asistiu un número grande de irmáns pra saberear as producións que foron postas en escena.

Estrenáronse dúas obras: «A Patria do labrego» d'un conocido irmán. A acción pasa nun fogar labrego e a obra e de gran intensidad dramática.

Os artistas fixeron con moito cariño, recibindo pol-o seu traballo ao final unha gran ovación pol-o acerto da súa interpretación.

«Axúdate», outro dos estrenos, da que son autores Charlón e Hermida do Ferrol é unha moi graciosa obra cómica na que os asistentes á velada escacharonse de risa.

Reprisouse «O manciñeiro» dos anteriores autores, tendo unha interpretación moi acertada. Foron tamén moi apraudidos os protagonistas d'esta obra que tanto gusta pol-as situacións cómicas que se suceden a cada momento.

Esta segunda velada, foi un novo e rotundo éxito pra «Irmandade» e pra o teatro gallego que xurde de maneira robusta.

A seguinte velada, terá de facerse o día 21 estrenándose unha obra do literato portugués Julio Dantas.

En Betanzos

O miércoles, 3 do corrente mes, celebrouse no teatro Alfonsetti, de Betanzos, unha velada artística organizada pol-o cadro de decramación d'aquela «Irmandade» na que fixo a súa presentación o coro que dirixe o entusiasta director da Banda municipal d'aquel pobo, don Xaquín Martí, cantando o hino galego moi afinadamente

a tres voces.

Puxéronse en escea tres obras. «Pra vivir ben de casados...» e «Noite de ruada» do apraudido escritor D. Leandro Carré Alvarellos, que alcanzaron un grande éxito, como obras de costumes aldeanas.

A outra, «Andacio», é unha obra de que é autor o entusiasta galeguista don Xosé Ares Miramontes, da «Irmandade da Fala» de Betanzos. O éxito d'ista obra, d'un marcado xeito galeguista, foi gradioso, por representar un problema galego qu'inda que moi criticado xa, ten de ser unha triste realidade de Galicia.

O entusiasta cadro de decramación de Betanzos que có coro de recente creación é unha valente agrupación artística, tén de que gabarse n'esta velada, que comotódal-as suas, é un triunfo mais que adicar á causa galeguista.

A nosa embora e un entusiasta ¡adiante! ao bós rapaces betanceiros.

Axiña, comenará tamén, o Xurado que aquela «Irmandade» ten nomeado pra xuzgar as obras teatraes presentadas ao Concurso aberto.

Iste Concurso será un éxito, dadas as moitas obras recibidas e a súa valía, algunhas d'elas d'unha nova orientación no noso teatro.

Conversas c'un amigo

¡Lémbreste d'aquel Pérez que todos os días víamos ti e mais eu caladiño, solene—sempre solene— c'un xornal—defensor desgañado do orden—que lía a través dos seus lentes mouros, que saúdaba con moita fachenda e que de cote asintía a toda-las opinións que se desbullaban na súa tertulia?

Aquel Pérez é un de tantos Pinhões e Pachecos e padres Salgueiros que temos por acó na Galicia e que, un día enchéndonos de xenreiras e outro día facéndonos rir, son as únecas persoas decorativas con que podemos contar en certas solenidades.

Pérez, é o personaxe representativo d'esa mentira social que ll-achaca a un home méritos que nunca tivo e calidades qu'él en dexamais soñou ¡pro que ten que soste a lenda con orgalladas, pallaserías ou calquera bachata con ribetes de solenidade, pra que a xente, qu'está acostuada a touros e festas, non comence a dudar do talento de Pérez.

Pérez ha de estar sempre en todas e ha de recramar de iste o primeiro posto. Ha de procurar tamén ter contentos a todos. A uns fainos figurar en comisións, pra outros orgaiza un baile, pra os mais serios prepara unha enchente—vulgo banquete—e aflóxalles, na hora indispensable dos brindis, unhas tantas parvadas retóricas, adebadas cos lugares comuns mais tripados da oratoria castelán.

Algúns rínse de Pérez n'estas orgalladas, pro figuran sin embargo na na procesión e, sóbor todo, séntanse ó banquete—que Pérez nunca paga—o engulipan e tragan que dá xenio.

Eu estou vendo ó Pérez representativo dos nosos Péreces, e de unha sicloxía varia ei de irvos falando pouquiño a pouco. E ti, leutor, tamén, sin que restregues moito os ollos, estás vendo ó Pérez representativo dos Péreces que pasan por ter talento n'esta probe Galicia.

Pérez é dos homes chapados a anti-gua, amante do orden, do principio d'autoridade. Como fundamento capitalísimo da eisistencia nazonal, é incapaz de comprender unha idea nova e pol-o tanto a ninguén que non pense coma él, no caso raro de qu'él pense.

Nas reunións, Pérez non fala; fai sinais coa cabeza, c'un énfasis que fai escramar os demais: Dixo Pérez que sí, dixo Pérez que non. Cando vai pol-as rúas xa él se decata de que as xentes dín: «alí vai Pérez», y-entonces entona o paso e parés qu'ergue a testa coma pra deixar sair unha idea xenial que o abraia, en sinal de homenaxe ó respecto que a súa presencia levanta nas rúas. Pérez é un home indispensable en toda cuchipanda, en toda orgallada con visos de solenidade. Os contemporáneos seus, entendéndoos así, sospeitando o dor cruel que lle causarían de non pedir o seu concurso e non asinarlle o primeiro posto, non poden prescindir da súa figura decorativa, co seu xaqué e a súa bomba de tres pisos.

Eu soilo o vin triste unha vez, c'unha amargura qu'eu adiviñaba fonda e ferra, ó gran Pérez. Quizáis foi aquela a amargura mais negra da súa vida. Era unha tarde crara e lumiosa; esplendía o sol milagreiramente e a terra reloucaba de ledicia. Por unha rúa baixaba un cortexo fúnebre, entre cantos funeraes, músicos tristeiros e lucido acompañamento de homes con calvas venerandas e vistosos traxes d'efiqueta. Alá, entre a xente, coa y-alma encaquizada, pensando tal vez nas veleidades da sorte, ía Pérez cos ollos cheos de bágoas, reventando por saloucar. ¡Pérez quería ser o morto...!

ROBERTO BLANCO TORRES.

A Humanidade non é a Patria

A Patria non é a humanidade: a terra toda non é patria: O home non é cidadán do mundo.

Esos conceitos ampulosos, esas verbas de hiperbole que alguns pobres de corazón (siquera se chamen «espíritos fortes»), non teñen de cote nos labios, sonoras e fermosas na aparencia, se lles fai un exámen ante a natureza e a razón: desaparecen e resolven como as nubes barridas polo vento. Son... «fatus voeis».

Esas ideas, fillas d'un cosmopolitismo, non sano, samente pode dárselles carta de natureza no terreo das utopías: samente poden ser toleradas como suprema aspiración filosófica: samente caben no campo da moral como realización sublime da doutrina do El Redentor do mundo; pero no orden social e político non son admitidas.

Ademais nin aínda teñen o mérito de seren novas. Con esas ideas iniciáron os poetas, os filósofos e os sofistas a decadencia política da Grecia, aveleñando o corazón do pobo e secando nel a fermosa flor do patriotismo. Sócrates dixó: Eu non son cidadán da Atenas, son do mundo». Eurípides tamén dixó: que o home tiña de ter por Patria a terra enteira, como a águia ten pra voar toda a extensión dos ares...» ¡D'esta maneira deberon ser «grandes patriotas e cidadáns do mundo» Jerges, Alejandro, Atila, Gengiskán, Omar, Napoleón, e outros conquistadores, que, tamén libres como as águas, levaban por todas as partes sua carta de cidadanía no punta d'as suas espadas...! ¡Qué respondán os vencidos...!

Tan extrañas teorías non encaixan na maneira de ser natural e social da especie humana: e pra estudialas e comprendelas é preciso apartar o corazón e o entendemento do mundo real.

De que os homes sean d'unha mesma especie, e poidan vivir e n' todos os lugares da terra, non se deduce nada en apoio d'as suas ideas.

Os homes sin diferencias de raza nin cores, todos somos irmáns, como derivados dos mesmos pais, e no tal conceito debemos axudarnos e protexer-nos: e d'ahi o dogma da fraternidade cristiana.

O home especificamente considrado, pode vivir, e na realidade vive, c'as limitacións que impoñen o temperamento, a educación e o clima, en todas as latitudes habitables do planeta; é

mais: un solo home, pode recorrelas todas, o pórse en relación con todas (sobre todo hoxe que as comunicacións son posibles) e sen embargo non pode decirse que un mesmo home poida habitar en todas elas, e en todas disfrutarse d'os mesmos dereitos e ventaxas que os naturais, e c'os eles sentir os mesmos praceres, gustos e afectos.

Non se pode, pois, afirmar que o home teña por Patria á humanidade, e que sea «cidadán do mundo», anque en todas partes poida vivir, e en todas elas deba ser respetada a sua liberdade e a sua condición humana.

A teoría da solidariedade e fraternidade d'os homes, fisolófica e moralmente examinada, é sublime; relixiosamente considerada, é redentora, porque leva consigo amor, e espalla-o por todas partes; mas dende o punto de vista en que se coloca o cosmopolitismo facendo derivar mas doutrinas do individualismo mais esaxerado, esa teoría, é absurda, e disolvente. Porque o individualismo sin trabas, desligado dos vínculos do afecto, enxendra o cosmopolitismo, e este, á sua vez, é o pai desnaturalizado do anarquismo.

A humanidade non é un areal movedizo: non é unha sociedade caótica. Non se pode considerar ao home sin lazos íntimos, vagando a mercede d'os seus apetitos e pasions, sin mais finalidade que o seu proveito, a sua comenencia ou os seus gustos... Non: nace no fogar e na familia, arraiga n'ela con fondas raíces d'os afectos, difunde o seu amor en todo canto é de seu e en todo o que s'aproxima a él; e n'esa difusión natural d'os afectos, impulsado sempre polo amor que é a vida do corazón, busca ao seu redor canto precisa, e considera seu canto toca, e ama canto desexa y alí se asocia pra os fins que debe realizare; e alí onde arraiga o corazón está a patria xa sea pra o esquimal os xélos da Groenlandia xa pra o dexenerado bruchman nas rexións quentes do Africa.

Eu digo: «anque na Patria padeza, alí onde está a miña Patria atópome ben»; pensamento que consignou nos versos «femosísimos o noso inolvidable poeta Alberto Camiño, recordando a sua terra querida da cual alonxáron a desgracia:

«Meus amigos, triste estou,
Moitas soidades teño
Da Terra que me criou.
¡Mal haya a sorte do deño
Que d'ela che me sacou!

¡Queira Dios que chegue o día
De encamiñarme buscando
Terra en que tan mal me vía!» (*)

Até a «morriña» esa enfermidade do espírito, ese mal que padecemos os gallegos, ese padecimento que mata de amor ¡non é un argumento en contra do cosmopolitismo? ¡Non vén a demostrar que non en todas as partes está a Patria? ¡Non nos di que o home sente que o seu sangue debilitase, e esmorecese a sua alma lonxe da terra en que se é nado?

Donoso Cortés, falando d'esos corazóns entecos que non arraigan en ningún chao, porque non-os quentou d'abondo o fecundo calor do fogar, d'esos que cheos de si mesmos, samente entenden por liberdade o desligamento d'os vínculos sociais, por fraternidade e igualdade a supresión niveladora de todos os afectos e pasions, decía: «En teoría son aínda franceses, italianos, alemáns; n'a práctica, son cidadáns do mundo, e como o mundo, sua patria non ten fronteiras. ¡Insensato! Eles inoran que onde non hai fronteiras non hai patria ¡e onde non hai patria non hai homes...»

Decía Castelar con elocuencia poucas veces igualada: «Todo o planeta é terra, decía eu nos meus destellos; pero non é a terra cuja sustancia levamos n'as nosas veas; toda a atmosfera é aire, pero non é o aire que recolleron os nosos primeiros suspiros; todo o sol é luz, pero non é aquela luz da cual levaremos até morrer un bico na frente; todos os fogares dan calor e abrigo, pero non é aquel calor e aquel abrigo que n'os dou o fogar santificado pol'as bágoas que costaron as vosas vidas; todas as eirexas son unha, pero as suas campás non soan como aquelas que tocaron a morte cando morreron os nosos pais; todas as linguas son humanas, pero non son aquel idioma de que tivemos que valernos pra decir miña nai, meu amor, meu Dios. Todos os recordos mais santos e todas as esperanzas mais consoladoras atópanse no culto da Patria...»

¡E aínda haberá, despois d'esto, quen diga s'atreva a chamarse cosmopolita...»

Non: a Humanidade non é a Patria; e a «esos expósitos do planeta» que influidos polo egoísmo adoptan a máxima do poeta Pacovio; a esos cidadáns do mundo, que samente ven a patria alí onde atopan a realización d'as suas concupiscencias; a esos, hai que facelles a pregunta de Dantón: «¡Lévase, por ventura, a Patria, no coiro d'os zapatos?»

(*) Non puido ver logrado sos seus desexos o Alberto Camino. Morreu n'un d'os hospitales de Madrid e déronlle

XORNADAS

Nas vilas evos imposible ter a sensación do paisaxe; evos difficile conecer a emoción dinámica d-as cousas que son insolubles da Natureza.

A carón da Natureza compréndese millor a vida, enxérguense con mais precisión os fenómenos naturais na súa amplitude. Uns teñen alí o pensamento mais doado e fondo. Outros non: absórbense no paisaxe e despersonalízanse, pasando co plano subxectivo ó obxectivo.

Hai xentes a quen o campo lles da noxo. Son as xentes que nunca saíron da cidade, as que non comprenden a vida sin o cine, sin os xolgorios sociais, sin o «firteo» nas rúas.

N'unha aldea, n'unha campia (onde Emerson vería «todo») coidan que o horizonte remata a carón da montaña, y-estreitóuselle o espírito. Non teñen a sensación física do espaciao. Non pasaron aínda da noción primitiva do ceo e da terra.

Nas vilas pouco mai hai que barullo. A executoria principal é o culto á palabra. Lémbrome ben daqueles pra quen non había mais problemas que o reconecimento das liberdades individuais, como se proclamando tales dereitos fóramos libres «ipso facto». A librtá é unha cousa que non pode promulgares por unha real orden, de xeito oficial. Ten cada personalidade que conquerila por si mesmo, un día

sepultura aos seus rsetos en ñorado lugar no Cimiterio xeneral. Alí descansa c'os seus irmáns, os poetas López da Veiga, Añón, Benigno da Igrexía e outros moitos que non poideron dormir o sono eterno no colo da Nai Terra. Sómente a literatura pode sepultar honradamente, aos seus mortos.

(**) Hai razas tan unidas á súa Terra, que ao soparalas separades os dous términos d'unha entidade, alma e corpo acabades c'a súa existencia.... Hai razas a quen nunca asopararedes da terra onde nacen e que se pegan a ela como a carne ao óso. Estas son as razas que padecen o mal horrible que remata case sempre c'a morte. O gallego, pol-a tristura d'ochao e pol-a densidade de poboación vése obrigado á emigracións constantes. Parece que a fatalidade o require....

(Castelar. Prólogo de «Follas Novas» de Rosalía de Castro.

o outro día, máis adentro de sí que fora de sí.

A librtade propia é a que fai a librtade do ambiente, a que vai densificando a atmósfera do libre exercicio democrático. Se un corpo social non está aclimatado na librtade, pouco importa que uns cantos homes a proclamen de feito, coidando que o medio está xa axeitado pró libre xogo das forzas sociais e pró conquerimento de outras aspiracións. Os que dan de lado os problemas fundamentais, farán xogos no ar cos problemas acesorios e secundarios. Tanto valería que os leóns se organizasen na charca y-os sapos na selva....

¡Paisaxes d'outono! ¡Cánta beleza lonxe das vilas! Castiñeiros de follas d-ouro e de sangue; raiñas de sol nos vales e nas eiras, xunt'as paredes brancas dos fogares.

Vela eiquí, en terra adentro, as casas petruciales, perto do camiño real, os pazos austeros que gardan o perfume dos costumes fidalgos, que mostran a paz y-a amplitude dos vellos recintos clásicos, fe vivente da arquitectura enxebre esgreviamente democrática.

Téñome decatado moitas veces, nas miñas andanzas pol-os povos da terra, de cómo na nosa vella arquitectura hai unha forte espresión de democracia

qu'enacmenza no trazo exterior dos fogares, co-as suas tradicionais solanas y as súas grandes fenestras, e acaba nas salas amplias e nas habitacións espaciaosas. Aqueles fogares parécen decirnos: «O que sucede aquí dentro pode verse ahí fora; nada se fai aquí que non poida facerse no medio das rúas; estas paredes son como de cristal». A vida alí, en efecto, ten un grah senso ético-social. E tod-o contrario d-estas alleñicadas construcións modernas, pechadas ó mundo a cal e canto, d'un hermetismo cheo de malicias e sospicacias, feitas con masa de caramelo e restos desperdiçados de tarta, tan ridículas como fráxiles. Parece que tamén nos dicen: «O que se fai aquí dentro non pode verse dende fora».

Temos aquí fortemente acusada, a divisoria de dúas civilizacións: o espírito de democracia social d'as vellas solanas; a tendencia ó segredo de portas adentro d'os fililís d'as tartas modernas.

FRAY ROBLANDO.

Lea vostede

A Nosa Terra



CARICATURA, por Castelao

EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCEORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102—A CRUÑA

O novo dono dista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: Neste estabrecimento atopara o público un servico permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres,

Calo Bordalés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais debles; pra que as galiñas poñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizos a

Fernández, Fano y C.ª—A CRUÑA

Materiales de Construcción

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS — CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Rainha), 21—LUGO

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Frábica Mecánica

::: de Calzado :::

— DE —

ANXEL SENRA

RUA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Hotel Continental

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28

O MELLOR SESVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

FARMACIA EUROPEA

— DE —

LOPEZ ABENTE

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

O 31 d'Outono aproisimadamente e salvo continxencias, sairá para a

Habana e Veracruz o rápido paquete correo



Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo.	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. est. exteriores.	» 1.668'75	1.753'75
Primeiracrase. Ponte superior:		
Camarotes exteriores.	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores.	» 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	» 1.103'75	1.088'75
Preferencia.	» 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE.	» 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente. O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

D. NICANDRO FARIÑA.—Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans, e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais exquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVO



GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursaes na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro co mo sinal, que é reprodución da marca de garantía eiqui estampada.

Recíbense encargos de fora, y-espídense por meo das nosas sucursaes. Si no lugar o de vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

Os viños e coñás millores

son os que isporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh mais selecto

de mundial e reconecido sona é o ZINZANO (Torino),

Pra viños de mesa

non hay outros com'os dos cosecheiros eisportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:


JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña

EL NOROESTE


XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega



Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)



LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respeito a datas de saidas e prezos de pasaxés dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO

False c rrego de toda
cras de traballos gr -
ficos, en imprenta, lito-
grafia e fotografado,
ansi coma sellos de
caucho

A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

F BRICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGRAFADO

A CRU A

Tel f. 434

"PATENTE-SALVAVIDAS,,

O millor pra pintar os
f ndos dos barcos. Ga-
nou Diproma de Honore,
Gran premio e medalla
d'ouro nas Exposici s
de Par s e Londres.

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell ^{Vigo} _{Coru a}

Compra e Venda

de m quinas de coser de t -
dol-os sistemas.

Reparaci s e ama o das
mesmas. Venda de pezas
soltas, agullas e aceites.

Taller de reloxaer a: Traba-
llos especiaes para [reloxeiros.

Dirixirse a

MANOEL PELLEJERO

San Andr s, 76 - baixo — A Cru a


Gran Caf  da Marina

— DE —

JOSE RODRIGUEZ de VICENTE

Urz iz, 11

BAYONA



Compa a Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sair  da
CRU A sobor do 9 d'Outono, o lixeiro e magn fico vapor

== TROUDE ==

Admite pasaxeiros de 1.  e 2.  crase e 2.  econ mica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60

» medio boleto » » » 189'60

Nenos mais novos de dous a os, un gratis por familia.

De dous a 10 a os, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 a os, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 a os, chavadas pol-os seus maridos, non poder embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permit ndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non te en valor algun, as cartas de chamada, autorizaci ns, nin poderes da los ante os C nsules hespa oles.

As mulleres que se atopan n'estas condici ns e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen te en que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que te an MAIS de 60 ANOS e non vaian acompa ados da sua familia.

O dia fixo da saida anunciar se con oportunidade.

Os pasaxeiros te en de presentarse n'esta Agencia o dia 5 d'Outono pol-a ma an,

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespa a,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRU A